


UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS ORIENTAIS



SERRA DOS CABALOS

O punto máis alto é o Pico Montouto, con 1.524 m na confluencia das provincias de Ourense, Lugo e León. Pódese acceder desde A Seara por unha pista de terra ou desde Outeiro a pé.



Fragas no rego de Montouto, entre as serras dos Cabalos e do Cabreiro. No rego de Montouto e os seus afluentes hai varias fervenzas e na parte baixa consérvanse os restos da ferrería do Mazo.

SERRA DO CABREIRO

A máxima altura é o alto do Cabreiro, con 1.388 m. Dos seus cumes baixan varios regos afluentes do Soldón. O do Caroceiro forma unha pincheira de más de 40 m de caída, que só se pode ver na época de chuvias.

Accedese desde Vilarmel ou Outeiro, por unha rota a pé.



Souto de Outeiro na aba oeste da serra.

SERRA DE CEREIXIDO

A máxima altura é o Lagoa Grande, con 1.246 m. Ten gran interese etnográfico: albarizas, fornos de cal, restos de ferrería, sequeiros, muíños... Accedese desde Bendollo ou desde Rugando.



Caborco do Faias, afluente do Soldón.

SERRA DE ENCIÑA DA LASTRA

Os Picos máis elevados son O Piornal, con 1.529 m e o Tara, con 1.112 m, nos Penedos do Oulego.

As pedras calcárias dan lugar a formas características: canóns profundos, como o do Sil en Covas, agullas espectaculares (Penedos de Oulego), covas ou palas (hai censadas 77).

A Serra de Enciña da Lastra ten un gran interese paisaxístico, ecolóxico e biolóxico con presenza de moitas especies únicas. Hai 69 especies vexetais consideradas moi raras en Galiza, máis de 160 especies de vertebrados, entre os que destacan as aves de rapina, os morcegos, a lagartixa cincuenta, o cangrexo de río...

Forma parte do Parque Natural, da Zona de Especial protección dos Valores Naturais, proposta para a rede natura 2.000 e da ZEPA "Enciña da Lastra". Accedese pola estrada N-120 desde o Barco de Valdeorras ás poboacións de Covas, Biobra, Vilardesilva ou Oulego (concello de Rubiá). O centro de información do parque está en Biobra.



Canón do Sil, no Estreito.



Aciñeira de Covas, a aciñeira máis antiga e grande de Galiza, con preto de 400 anos.

A Serra de Enciña da Lastra é unha das formacións de bosques de aciñeiras e matogueiras mediterráneas más extensas e mellor conservadas de Galiza.

MACIZO DE PENA TREVINCA

Formado por cinco serras: Eixe, Mina, Cabrera, Calva e Segundeira, que conflúen en Pena Trevinca.

É unha área dunha gran riqueza xeolóxica (vales e lagoas glaciares, canóns, fervenzas...) e biolóxica cunha gran diversidade de hábitats e especies.

Parte do macizo está declarado Zona de Especial protección dos Valores Naturais, proposta para a rede natura 2.000. As vertentes zamoranas forman parte do Parque Natural "Lago de Sanabria".

SERRA DO EIXE

O cume máis alto é Pena Trevinca, con 2.127 m, o más alto de Galiza.

Accedese desde Xares, Ponte, Vilanova (A Veiga), Casaio (Carballeda de Valdeorras) ou Porto de Sanabria (Zamora).

SERRA CALVA

O monte máis alto é Sestil, con 1.755 m.

Accedese desde a estrada que vai de Vilavella a Porto de Sanabria. Tamén se poden facer rotas desde Xares e Pradoramisquedo.

SERRA DO CANIZO

Unida á Segundeira. O monte máis alto é O Testeiro, con 1.446 m. Hai varias fervenzas e soutos con castiñeiro centenarios.

Accedese desde A Gudiña ou Viana do Bolo.



Lagoa da serpe, entre as serras Calva e do Eixe. Ao fondo Pena Trevinca.




Lagoa do Ocelo ao pé do Sextil, na Serra Calva.



Vista norte da serra do Canizo.

Fervenza no Bibei, nas proximidades de Pradoramisquedo.



Penedos do Oulego.